

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A *SOCIEDADE BENEFICENTE ROSALÍA DE CASTRO DE SAO PAULO*, COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA ACOLLIDA NO *CENTRO DE ASISTENCIA SOCIAL DE SAO PAULO (BRASIL)***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo, Brasil, o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír ao financiamento do custo derivado da asistencia ás persoas galegas acollidas no centro de asistencia social.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Na cidade de Sao Paulo, Brasil, reside un número importante de persoas de orixe galega que, pola súa situación de carencia, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria. Segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, en Brasil residen arredor de 44.000 emigrantes galegos e galegas. Estes datos confirman a Brasil como o segundo país no continente americano onde máis persoas galegas residen na actualidade, tras Arxentina.

A Sociedade Beneficente de Rosalía de Castro de Sao Paulo, Brasil, é unha entidade sen fins de lucro, rexistrada como centro colaborador no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración. Posúe un centro de asistencia social, que é unha obra de beneficencia, inaugurado o 22 de febreiro do 1983 para a acollida e apoio socio asistencial de persoas maiores e dependentes, a través da súa atención integral con servizos de carácter preventivo, de saúde e asistenciais, dirixidos a procurar un envellecemento saudable. Desta actividade benefíciase a colectividade de orixe galego residente na cidade de Sao Paulo e municipalidades limítrofes que se atopa nunha situación de necesidade.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co obxecto de contribuír ao financiamento do custo derivado da asistencia ás persoas galegas acollidas no centro de asistencia social desta última.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará **dezaoito mil euros (18.000 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade, única destas características



en Sao Paulo, é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrência pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio á colectividade de emigrantes galegos e galegas residentes en Brasil que, por cuestións de idade, estado físico ou situación de carencia, teñan problemas de autonomía persoal, e presenten dificultades derivadas desta circunstancia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

